## Presentación

Nos últimos anos, o contexto social e sociolingüístico de Galicia está a sufrir profundas transformacións. A crecente desgaleguización do alumnado, tanto no que atinxe á lingua inicial como á habitual, o acelerado despoboamento rural ou a chegada de inmigrantes de orixes culturais diversas conforman un novo escenario para o ensino e aprendizaxe do galego. Completando o cadro, asistimos a un reforzamento de vellos prexuízos lingüísticos, que semellaban en retroceso, e a unha falta de compromiso para combatelos.

Neste contexto, parece necesario repensar o enfoque do currículo formativo en Lingua Galega e Literatura, atendendo a diversos aspectos, como a atención á diversidade sociolingüística do alumnado, as estratexias para a mellora de actitudes e para o fomento do uso instrumental do galego, a priorización de obxectivos, a introdución de novos recursos e metodoloxías no ensino da lingua, así como a coordinación coas outras materias de carácter lingüístico que conforman o currículo formativo do alumnado.

Estas xornadas enmárcanse nun proxecto máis amplo que pretende reforzar os vínculos entre o profesorado de educación secundaria e o universitario, de tal modo que aos aspectos arriba considerados cómpre engadir outro, o da situación do ensino da lingua e a literatura galegas na universidade, en relación co ensino e aprendizaxe de tales contidos na educación secundaria.

## Destinatarios

Profesorado de Ensino Secundario da especialidade Lingua galega e Literatura e todas aquelas persoas preocupadas polo ensino e aprendizaxe da lingua e a literatura galegas.

## Organización

Francisco Cidrás Escáneo (director)
Bieito Silva Valdivia (director)
María Álvarez de la Granja (secretaria)
Eduardo Moscoso Mato
María Rodríguez Carballo

## Matrícula

A información detallada sobre o procedemento de formalización da matrícula atópase en:

http://www.usc.es/gl/congresos/xornadasllg

**MÁIS INFORMACIÓN**

Departamento de Filoloxía Galega
Facultade de Filoloxía
Avd. de Castelao s/n – Campus Norte
15782 - Santiago de Compostela
Tlfno: 881811784
xornada.llg@usc.es

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

DEPARTAMENTO DE DIDÁCTICA DA LINGUA E A LITERATURA E DAS CIENCIAS SOCIAIS

INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (ILG)

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**21-22 de febreiro de 2014**

**Facultade de Filoloxía**

***Universidade de Santiago de Compostela***



# REPENSANDO O CURRÍCULO EDUCATIVO EN LINGUA E LITERATURA GALEGAS NUN CONTEXTO SOCIAL EN MUDANZA

**Actividade recoñecida como formación permanente do profesorado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria con 12 horas lectivas (Código X1301011)**

## VENRES, 21 DE FEBREIRO

Salón de Graos, Facultade de Filoloxía

**18:00 – 18:30**
Inauguración das xornadas

**18:30 – 19:30**
Ensinar lingua. Ensinar lingua galega

-*Bieito Silva Valdivia* (USC)

**19:30 – 20:00**
Pausa

**20:00 – 21:00**
Mesa redonda:
O ensino da lingua e da literatura desde a perspectiva da aula

-*Pilar Buela (IES de Valga)*
-*María López Sández (IES de Negreira)*
-*Pilar Ponte (IES da Pobra do Caramiñal)*
-*Bieito Silva Valdivia (USC) (moderador)*

**21:00 – 22:00**
Debate

## SÁBADO, 22 DE FEBREIRO (MAÑÁ)

Salón de Graos, Facultade de Filoloxía

**9:30 – 10:30**
Revisando a educación lingüística: de onte a hoxe

-*José Manuel Vez Jeremías (USC)*

**10:30 – 11:00**
Debate

**11:00 – 12:00**
Sesión coordinada:
Modelos de lingua nas aulas de galego

-*Xosé Luís Regueira (USC)*
-*Rosa Salgueiro (IES de Vila de Cruces)*

**12:00 – 12:20**
Debate

**12:20 – 12: 40**
Pausa

**12:40 – 13:40**
Sesión coordinada:
Estratexias para a mellora de actitudes e para o fomento do uso instrumental do galego nas aulas

-*Henrique Monteagudo (USC)*
-*Valentina Formoso (IES de Rianxo)*

**13:40 – 14:00**
Debate

## SÁBADO, 22 DE FEBREIRO (TARDE)

Salón de Graos, Facultade de Filoloxía

**16:00 – 17:00**
Mesa redonda:
Do instituto á universidade: o ensino do galego desde a perspectiva do alumnado

-*Eva González Álvarez (alumna do GLLG)*
-*Iria Muñiz Babarro (alumna do GLLG)*
-*Soraya Suárez Quintas (licenciada en FG)*
-*Elena Veiga Rilo (graduada no GLLG)*
-*María Álvarez de la Granja (USC) (moderadora)*

**17:00 – 17:30**
Debate

**17:30 – 18:00**
Pausa

**18:00 – 19:00**
O ensino de lingua e literatura galegas na universidade

-*Francisco Cidrás Escáneo (USC)*

**19:00 – 19:30**
Debate

**19:30**
Clausura

